



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA A CONVOCATORIA E O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO MARCO GALEGO DE COMPETENCIAS DIXITAIS COMDIX NO ÁMBITO DO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO NO ANO 2026

(1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

A EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

Segundo o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, a AMTEGA é a axencia pública autónoma que ten por obxecto a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico e, concretamente, a quen lle corresponde a xestión dos programas de capacitación dixital do persoal empregado público, en coordinación cos órganos competentes en materia de formación.

No actual contexto normativo galego promoveuse a creación do Marco Galego de competencias dixitais segundo a lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, coa finalidade é lograr unha cidadanía dixitalmente responsable nun contorno onde, cada vez máis, é requirido o uso da tecnoloxía case a diario. Este marco ten como referencia o marco europeo de competencias dixitais na versión DigComp 2.1, e incorpora as achegas pertinentes da versión 2.2 publicada en marzo de 2022.

O decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais, establece que a certificación galega en competencias dixitais acredita o nivel de competencia das persoas na utilización das tecnoloxías no ámbito persoal, social, educativo e profesional de forma efectiva, segura, crítica, creativa e cívica.

O decreto 123/2021 identifica á EGAP e á AMTEGA coma entidades públicas colaboradoras do marco e prevé que promovan dentro dos seus programas de formación plans de capacitación dixital que garantan a posibilidade de obtención da acreditación para o persoal empregado público.





(2) Obxecto

Este convenio ten por obxecto articular a colaboración entre a EGAP e a AMTEGA para convocar e desenvolver as actividades formativas dirixidas ao persoal empregado público das Administracións Públicas de Galicia en Competencias Dixitais, no contexto do Marco Galego de Competencias Dixitais - COMDIX.

(3) Finalidade

A EGAP e a AMTEGA adquiren os compromisos previstos no convenio e en concreto na súa cláusula segunda.

(4) Impacto económico

A EGAP colaborará coa posta a disposición das súas instalacións, dos seus medios telemáticos e cos seus medios persoais e materiais. Ademais, a EGAP achegará o importe de 51.095,00 € con cargo a partida orzamentaria 10.81.122B.226.17 do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2026.

A AMTEGA colaborará cos seus medios persoais e materiais. Ademais, colaborará economicamente cunha achega económica por un importe de 51.095,00 € con cargo ao orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2026, que serán transferidos á EGAP cando así o aprobe o órgano competente para autorizar a modificación orzamentaria a instar pola EGAP.

(5) Carácter non contractual

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

(6) Vixencia

Para os efectos sinalados, formalizase coa AMTEGA un convenio por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por tódalas partes ata o 31 de decembro do 2026, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.





Polo exposto, considérase xustificada a utilización deste instrumento para articular as relacións entre a EGAP e a AMTEGA para a convocatoria e desenvolvemento de actividades de formación do marco galego de competencias dixitais COMDIX no ano 2026, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os seus principios para resolver posibles dúbidas e lagoas.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela
A directora da EGAP
PDS (Resolución do 11/03/2025)
O xefe do Servizo Económico-Administrativo da EGAP,

José Antonio González Failde

